<b>Resultados previstos</b>	Taxa de rendemento Taxa de abandono Taxa de eficiencia Taxa de graduación Outras taxas que o título fai públicas (SGIC) Taxas de inserción laboral	<a href="http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidade/datcalimaster.html">http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidade/datcalimaster.html</a>
	Procedemento documentado para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes Procedemento documentado de satisfacción, expectativas e necesidades Procedemento documentado para a avaliación do aprendizaxe Procedemento documentado para o control de resultados académicos Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos Procedemento documentado de información pública Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	<a href="http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidade/datcalimaster.html">http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidade/datcalimaster.html</a>



CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
<b>Sistema de garantía da calidade</b>	Órgano responsable do sistema de garantía da calidade do título	Enlace ao SGIC do centro: <a href="http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.html">http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.html</a>
	<p>De ser o caso, planificación estratéxica</p> <p>Procedementos documentados de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado</p> <p>Procedementos documentados para garantir a calidade das prácticas externas e os programas de mobilidade</p> <p>Procedementos documentados de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida</p> <p>Procedemento documentado para o análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.)</p> <p>Procedemento documentado para o análise e atención ás suxestións ou reclamacións</p> <p>Procedemento documentado de suspensión/extinción do título</p> <p>Manual do SGIC</p> <p>Informe final de certificación do SGIC</p> <p>Listado de documentos en vigor do SGIC</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p><a href="http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html">http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html</a></p> <p><a href="http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.html">http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.html</a></p> <p><a href="http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=12294&amp;estudio=12350&amp;codEstudio=11937&amp;valor=9">http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=12294&amp;estudio=12350&amp;codEstudio=11937&amp;valor=9</a></p> <p><a href="http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=12294&amp;estudio=12295&amp;codEstudio=11897&amp;valor=9">http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=12294&amp;estudio=12295&amp;codEstudio=11897&amp;valor=9</a></p>

<p><b>Calendario de implantación</b></p>	<p>Cronograma de implantación do título</p> <p>Información sobre a adaptación, no seu caso, dos estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos</p> <p>Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto</p>	<p>Todos os datos, estarán na <b>memoria do título</b>, no apartado <b>"Información do título"</b> dos seguintes enlaces da titulación:</p> <p><a href="http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=12294&amp;estudio=12350&amp;codEstudio=11937&amp;valor=9">http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=12294&amp;estudio=12350&amp;codEstudio=11937&amp;valor=9</a></p> <p><a href="http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=12294&amp;estudio=12295&amp;codEstudio=11897&amp;valor=9">http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=12294&amp;estudio=12295&amp;codEstudio=11897&amp;valor=9</a></p>
--	--	---

**3.- VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO E OS RESULTADOS OBTIDOS, DETECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS, DESVIACIÓN E TOMA DE DECISIONS.**

DESCRIPCIÓN DO TÍTULO							
<i>Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	<u>B</u>	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>Ambos centros responsables da titulación, consideramos que a vinculación da Especialidade de Xestión á Escola Adscrita de Lugo debe ser modificada a favor da Facultade de Enfermaría do Campus de Santiago polos motivos que se expoñen noutros apartados do informe.</p> <p>No que atinxe ao número de prazas de novo ingreso, ambos centros, consideramos que as prazas ofertadas nos últimos dous cursos académicos é a mais conveniente para garantir unha docencia de calidade.</p>							
<p><b>BOAS PRÁCTICAS:</b></p> <p>Reestructuración do número de prazas por especialidade atendendo a demanda.</p>							
<p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b></p> <p>Os dous centros responsables da titulación, coordinadamente, farán as xestións oportunas para unificar na Facultade de Enfermaría de Santiago a responsabilidade das dúas especialidades da titulación.</p>							
BREVE DESCRIPCIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			
Unificar a xestión das dúas especialidades na Unidade de Xestión Académica do Campus Norte.				A xestión de matrícula é dificultada pola adscrición a Lugo e toda a docencia se imparte e coordina dende o centro de Santiago.			

XUSTIFICACIÓN							
<i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
<p>Realízase unha análise periódica (carácter anual da adecuación da xustificación do título realizada no ano 2007, á realidade social e sanitaria actual. Para iso tómanse como referencia as achegas de persoal e cargos directivos de entidades sanitarias públicas e privadas, sociedades científicas de enfermaría. Así mesmo, establécense grupos de traballo coordinados polos coordinadores de curso cos profesores e representantes de alumnos (1 por especialidade), coa finalidade de recoller as incidencias, suxestións, etc en relación para garantir a calidade da formación en relación coa xustificación do título.</p> <p>A Comisión académica do título realiza reunións periódicas (2-3 por curso) para garantir a calidade na formación.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<p>Continuar co programa de recollida de información aportada polo persoal e cargos directivos de entidades sanitarias públicas e privadas, sociedades científicas de enfermaría. Continuar cos grupos de traballo arriba especificados.</p>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

COMPETENCIAS/OBXECTIVOS							
Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
<b>Satisfactoria</b>	<b><u>A</u></b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
<p>Consideramos que o alumnado acadou un nivel adecuado nas súas competencias en función dos obxectivos iniciais plantexados. Feito que foi favorecido pola redución no número de prazas ofertadas. A avaliación "conforme" deste punto por parte da ACSUG correspondente aos cursos académico anteriores anima a continuar coas bos prácticas incorporadas.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolveronse constantes xornadas de traballo orientadas ao coñecemento das realidades asistenciais e investigadoras, contando cos profesionais e centros de referencia.</li> <li>✓ Continuidade durante o curso 2013-2014 do foro de debate sobre o máster; reunións periódicas ( 2-3 por curso académico) de coordinadores de materias e coordinadora de máster cos estudantes e docentes para a revisión e adecuación dos obxectivos.</li> </ul>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

## ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES

*Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

No curso 2011-2012 modificouse o calendario de preinscrición e matrícula de xeito que, no momento de iniciarse o máster xa se dispoñía de máis información que en cursos anteriores. Non obstante, é desexable que, ao inicio do curso académico se dispoña do listado definitivo de alumnado matriculado, e non semanas despois como está a suceder.

Se ben é certo que o número de prazas de acceso é limitado, o número definitivo de alumnado matriculado é superior ás prazas ofertadas porque é unha máster con aceptación entre o estudantado alleo dos programas de intercambio Erasmus-mundus, Bilaterais, etc. Por outra banda, no curso académico 2013-2014, alumnos que tiñan feito unha especialidade matriculáronse na outra como continuidade de estudos.

Asemade gustaríanos facer unha reflexión sobre os datos oficiais de alumnado de novo ingreso. Os datos son inferiores aos datos reais xa que aqueles alumnos aos que se lles recoñece algún crédito por acreditación de competencias non figuran no cómputo de alumnado de novo ingreso, dando a impresión de que non se cubren as prazas ofertadas. No curso 2013-2014, do mesmo xeito que en cursos anteriores, tivemos varios alumnos nestas circunstancias.

A modificación dos criterios de acceso implantado no ano 2011 (xustificado na memoria de seguimento correspondente) supuxo unha mellora nos prazos e sistema de acceso.

O número de prazas ofertadas nos últimos anos foi axustándose aos medios materiais e humanos dispoñibles. Deste xeito, dende as 70 prazas ofertadas o primeiro ano de implantación decidiuse a redución a 30 seguindo criterios de calidade. Pese aos anos transcurridos dende que se implantou a titulación, a demanda segue a ser elevada, especificamente na especialidade clínica na que a demanda triplicou as prazas ofertadas. Froito desta diferenza na demanda entre especialidades, reaxustáronse as prazas ofertadas a favor daquela máis demandada (especialidade clínica).

As especiais condicións da Escola adscrita de Lugo (ausencia de figuras de profesorado universitario, número de doutores, infraestructuras, etc.) levou ao desenvolvemento da docencia dende o centro do campus de Santiago (Facultade de Enfermaría), establecéndose un sistema de video-conferencia para que o alumnado que poidera estar presencialmente en Lugo tivera acceso á docencia expositiva; sendo a docencia interactiva exclusivamente no campus de Santiago.

Unha medida de mellora sería a modificación da adscrición da especialidade de Xestión á Facultade de Enfermaría de Santiago.

Merece unha reflexión especial polo esforzo realizado e tamén polo recoñecemento mostrado polo alumnado, o sistema de titorización personalizado ao estudantado levado a cabo pola coordinación do máster.

No que atinxe ao plan tutorial personalizado implantado no máster, caben resaltar tamén os seguintes aspectos:

- ✓ Se ben o *Traballo de fin de máster* é unha materia do segundo semestre, dende o mes de novembro, o alumnado xa pode iniciar as titorías.
- ✓ En relación coa mesma materia, deseñouse un programa para que, dende a materia de *Metodoloxía da Investigación*, se proporcionase titorización metodolóxica aínda despois de

rematado o seu período de impartición.

- ✓ Nas materias de *Prácticas Clínicas* e *Prácticas de Xestión*, faise un plan de acción tutorial personalizado para, non só planificar as prácticas adaptadas á dispoñibilidade horaria do alumno, senón tamén para incorporar aquelas rotacións que poden contribuir mellor ao desenvolvemento persoal e profesional do alumno concreto. Exemplo: alumno que traballa na UCI do Meixoeiro en horario de tarde de xaneiro a febreiro. Prográmanselle as prácticas en horario de mañán nese período nun servizo no que ten menos experiencia profesional.

#### **BOAS PRÁCTICAS:**

A coordinación do máster ten o propósito de mellorar a xestión nun aspecto que conleva grandes inconvenientes para o alumnado: como consecuencia do feito de que a especialidade de Xestión continúe a estar vencellada ao centro adscrito, no momento da matrícula o alumnado abona o 25% á USC, posteriormente, sen coñecemento previo, o SERGAS a través da Escola adscrita de Lugo, reclama o pago do 75% restante ao alumnado nun único prazo.

#### **PROPOSTAS DE MELLORA:**

A coordinación do máster fará as xestións oportunas para que todos os trámites administrativos sexan asumidos pola Unidade de Xestión Académica do Campus Norte de Santiago para as dúas especialidades.

<b>BREVE DESCRIPCIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>	<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>
Cambio adscripción da especialidade de xestión ao Campus de Lugo	En resposta a: a petición alumnado, petición responsables Centro Lugo, petición coordinadora de máster. Mellora no proceso de matrícula e pagamento de taxas. A docencia impátese dende o Campus de Santiago.

PLANIFICACIÓN DAS ENSIANZAS							
Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da enseñanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ En relación á coherencia na estrutura das ensinanzas, a experiencia nos indica que debería reorganizarse a distribución das materias nos distintos módulos: por exemplo a materia "<i>Manexo do Paciente Crítico</i>" debería ser unha materia vencellada unicamente á especialidade Clínica. Pola contra a materia "<i>Saúde e Recursos Económicos</i>" debería vincenllarse unicamente á especialidade de Xestión. Outras materias do módulo común, como "Metodoloxía da Investigación" debería incrementar o número de créditos, segundo demanda o alumnado. Así mesmo, materias da especialidade Clínica como o "Pre-prácticum Casos Simulados", dado o gran interese que suscita no alumnado, e a petición destes, debería incrementar o número de créditos.</li> <li>✓ Execución da planificación da enseñanza das diferentes materias e titorías. No que atinxe ás titorías, estas fanse a demanda do alumnado, tanto presencialmente como a través do Campus Virtual.</li> <li>✓ REVISAR A diminución da taxa de reposición de profesorado ocasionou dificultades na planificación e desenvolvemento das ensinanzas no curso académico 2013-14 vinculado os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A ausencia de profesorado motivada por situacións imprevistas (enfermedade, función familiar, etc) supuso que en ausencia de outro profesorado dispoñible, fose substituído pola coordinadora do máster sin marxen temporan previo suficiente (dun día para outro ou en marxen de horas).</li> <li>▪ A planificación de horarios alternativos coa finalidade de non aminorar a calidade da docencia.</li> <li>▪ En ausencia do profesor encargado da docencia da materia a planificación de sistemas de enseñanza/tutorización a cargo da coordinadora.</li> <li>▪ A correspondente repercusión nas enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado pese ao esforzo realizado.</li> </ul> </li> <li>✓ No relativo á coordinación docente, durante o curso 2013-2014 fíxose especial fincapé en diferenciar os contidos e competencias entre materias para evitar o solapamento e duplicidade de contidos, aspectos que, con facilidade poderían darse en materias como <i>Manexo do Paciente Crítico</i>; <i>Urxencias, Emerxencias e Grandes Catástrofes e Pre-prácticum, casos simulado</i>. O mesmo pode suceder con materias como <i>Xestión Sanitaria, Calidade Asistencial, e Sistemas Sanitarios de Saúde</i>, nestas materias foi de gran utilidade a programación a instancias da anterior Xerencia do SERGAS de colaboración do seu persoal como profesorado externo na docencia da Especialidade de Xestión; este feito foi aprobado pola Subcomisión e Comisión de Planificación Sanitaria USC-SERGAS. Por outra banda dentro das prácticas clínicas da especialidade Clínica estase a levar unha estreita coordinación entre a Xerencia e Docencia da Fundación Pública Urxencias e Emerxencias de Galicia 061 e a coordinadoras do máster e de prácticas da Facultade de Enfermería para establecer un programa de rotacións extra (coordinado polo 061) e intra hospitalarias (coordinado pola Facultade). Cabe resaltar o papel desenvolvido pola Dirección de Enfermería do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) de xeito que dentro da súa capacidade docente, contempla, ademais do Grao en Enfermería e outras titulacións, o Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados. Dentro de esta coordinación estase a desenvolver a Guía de Tutores (véxase Boas Prácticas).</li> <li>✓ En canto ao Grao de satisfacción dos estudantes, en función das enquisas electrónicas, podemos afirmar que os resultados son satisfactorios. Asemade, na coordinación do máster recibíronse correos electrónicos e agradecementos persoais polo esforzo realizado e a atención dada ao alumnado.</li> <li>✓ No que atinxe ao desenvolvemento do Traballo Fin de Máster, algúns aspectos xa foron comentados con anterioridade. No Traballo Fin de Máster cabe recalcar que, entorno ao 40% do alumnado elixe a convocatoria de setembro, sendo a data de defensa a primeira semana do citado mes; pese a esta circunstancia a maioría do profesorado seguen a titorizar o traballo despois do mes de xullo.</li> </ul>							



- ✓ No que atinxe ao desenvolvemento do e prácticas algúns aspectos xa foron comentados con anterioridade. As prácticas son coordinadas pola coordinadora de prácticas da Facultade de Enfermería de Santiago, quen programa as mesmas dentro do calendario oficial, pero adaptadas ás necesidades do alumnado; é dicir, fanse rotacións nas unidades correspondentes á especialidade de Xestión ou Clínica en unidades hospitalarias en quendas de mañán e tarde e distribución cronolóxica atendendo ás necesidades específicas de cada un dos alumnos. Na especialidade Clínica unha rotación corresponde ás unidades móbiles do Fundación Pública Urgencias de Galicia 061 que é coordinada directamente polo responsable de docencia da citada fundación no marco xeral das prácticas clínicas. Todas as prácticas realízanse en unidades asistenciais recollidas nun Convenio de Colaboración coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. As materias de contido práctico son as que teñen maior grao de satisfacción por parte do alumnado.
- ✓ A planificación das ensinanzas contempla, segundo a memoria do título, o desenvolvemento das ensinanzas en dous campus universitarios dependendo da especialidade a realizar. Sen embargo ambas as dúas especialidades estanse a impartir e coordinar dende o campus de Santiago, debido a que no campus de Lugo non existía infraestrutura axeitada nen profesorado para impartir a docencia. O ano de implantación, para solventar os citados inconvintes, habilitouse unha aula de videoconferencia en Santiago coa finalidade de favorecer que o alumnado residentes en Lugo non tiveran que desprazarse a Santiago e viceversa. Ademais a demanda na Especialidade de Xestión foi descendendo ao longo dos anos, o que conlevou o incremento no número de prazas da Especialidade Clínica en detrimento da de Xestión. Todos os aspectos relacionados con ambas especialidades foron sempre coordinadas pola coordinadora do máster, que ten a súa praza adscrita ao campus de Santiago. De calquera xeito, a colaboración e coordinación coa Escola Universitaria de Lugo para por a disposición da aula de videoconferencia no citado centro, é moi satisfactoria. Pese a esta colaboración satisfactoria tanto, dende o campus de Lugo como dende o de Santiago propónse no punto anterior como acción de mellora a xestión única dende Santiago.

**BOAS PRÁCTICAS:**

- ✓ Planificación e posta en marca dun congreso nacional "Congreso nacional de Ciencias da Saúde, FAISCAS" para facilitar a defensa dos traballos fin de máster como comunicación a congreso (a normativa do Traballo Fin de Grado/ Máster da Universidade de Santiago de Compostela cotempla dita modalidade de TFM).
- ✓ Planificación e desenvolvemento dun curso para o deseño e presentación de TFG/TFM no curso académico 2013-2014 (dende ebrerío a xuño) impartido pola coordinadora do máster.
- ✓ Planificación e desenvolvemento dun curso de competencias informacionais básicas (xestión e búsqueda de información en bases de datos, etc), impartido polo Director da Biblioteca da Facultade de Medicina, odontoloxía e Enfermería (1 día presencial/10 on line), coa emisión do correspondente diploma acreditativo.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

En virtude da nova taxa de reposición e as necesidades docentes do máster incrementar o profesorado vinculado as áreas con docencia no mesmo

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Solicitud da reposición do profesorado	O descenso do profesorado pode repercutir na calidade da docencia.

RECURSOS HUMANOS							
<i>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
<p>En relación cos recursos humanos, o profesorado da USC que imparte docencia no máster ten un perfil docente e investigador axeitado e, por outra banda, cabe destacar a gran colaboración que temos de todos os departamentos con docencia asignada no máster. O número de departamentos con docencia no máster aumentou con relación ao especificado na memoria do título, este feito supuxo unha mellora importante na calidade da docencia.</p> <p>Dadas as características do máster, é particularmente importante a participación do profesorado externo. Pese aos convenios e colaboracións desenvolvidas , e a colaboración altruista de moitos deles, a remuneración do citado profesorado supón un inconvinte polas circunstancias económicas actuais.</p> <p>A tasa de reposición existente en relación coas xubilacións está ocasionado a redución do persoal docente coas correspondentes reperusións sobre a planificación da ensinanza e a tutorización dos Traballos Fin de Máster.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Establecemento de reunións periódicas de coordinador materia, coordinadora titulación e titulación para establecer necesidades formativas do PDI e programar actividades formativas (manexo do campus virtual, evitar solapamento dos contidos formativos, elaboración de material didáctico, etc).</li> <li>✓ Incentivación do profesorado e PAS a realizar cursos de formación organizados pola USC, ACSUG, etc. Subvencionaronse asistencias a cursos fora da CCAA.</li> <li>✓ Establecemento de reunións periódicas do equipo de dirección coa xestora de centro e PAS para mellorar a calidade dos servizos.</li> </ul>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

--	--

## RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

*Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

A nosa valoración satisfactoria basease non só nos recursos acadados nos dous últimos anos, senón nos beneficios que estas melloras supoñen na calidade da docencia e na satisfacción do alumnado e do profesorado. As melloras acadadas en virtude dos convenios de colaboración coa Xunta de Galicia e das axudas conseguidas en convocatorias das Vicerreitorías de Responsabilidade Social e Calidade, Infraestructuras e Economía detállanse a continuación. Nestas contéplanse asemade as recomendacións feitas no anterior informe de seguimento:

- ✓ Dotación de unha aula de videoconferencia con capacidade para 43 postos.
- ✓ Creación e dotación de unha aula de simulación con simulador SIMAN que recrea todas as circunstancias posibles patolóxicas que poden concurrir nun ser humano e, con carácter interactivo, o alumno-profesor poden modificar o curso desa circunstancia patolóxica en virtude de administración de tratamentos e corrección de erros nos mesmos.
- ✓ Reestructura da Aula de Informática de Docencia con ampliación do número de postos de ordenadores a 47 postos. A aula está deseñada de xeito que permite a docencia de forma simultánea para dúas aulas (21 + 26 postos) ou como aula única de 47 postos. A obra foi financiada pola Vicerreitoría de Calidade e Compromiso Social e da Vicerreitoría de Economía e Infraestructuras, conxuntamente co centro. A restructuración consistiu na obra de remodelación e na dotación de 26 novos ordenadores, un videoproxector e unha pantalla coa súa correspondente instalación.
- ✓ Mellora da aula de informática de acceso libre de alumnado. Consistente na obra de reubicación e mellora de espazos.
- ✓ Melloraronse as instalacións administrativas do centro. Dotación de cadeiras ergonómicas, mellora de iluminación, etc.
- ✓ Obras de accesibilidade e sectorización, consistente en substitución de portas de entrada; construción de rampa de acceso ao centro; dotación de portas antiincendio en todas as plantas do centro; reserva de praza de aparcamento para minusválidos, etc.
- ✓ Implementación da xestión de espazos do centro a través da Secretaría virtual do profesorado, de xeito que poden ver en todo momento a ocupación dos espazos e facer a oportuna reserva a través da súa secretaria virtual.

Con carácter xeral os recursos citados con anterioridade supuxo beneficios moi importantes ao alumnado,

<p>tales como permitir a docencia expositiva por videoconferencia, a defensa do traballo fin de master por videoconferencia,; prestar cuidados e administrar tratamentos en pacientes simulados, o que contribúe a mellorar as súas competencias e capacidades antes de enfrontarse a pacientes; poder realizar busquedas bibliográficas e outros recursos dispoñibles nos buscadores bibliográficos nas aulas de informática de acceso libre ao alumnado, etc.</p>	
<p><b>BOAS PRÁCTICAS:</b></p> <p>Oferta docente a distancia mediante videoconferencia.  Diseño de módulos con simulación de casos mediante simulación básica e avanzada</p>	
<p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b></p>	
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>	<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>

RESULTADOS PREVISTOS							
<i>Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
<p>Fanse as seguintes consideracións en función dos resultados acadados polos alumnos egresados da titulación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Acceso a postos de traballo, ostentando cargos de xestión (supervisión de enfermería, dirección de enfermería, etc.) ou como persoal contratado en institucións sanitarias públicas e privadas.</li> <li>✓ Acceso a investigación, atopándose na etapa de tese na actualidade 32 alumnos das distintas promocións do máster.</li> <li>✓ Tendo en conta os datos recollidos pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (taxa de rendemento, taxa de éxito, duración media de estudos, eficiencia dos titulados) consideramos que é moi satisfactoria tendo en conta que se trata dun máster de carácter presencial e a maioría dos nosos alumnos simultanean a súa actividade laboral cos estudos.</li> </ul>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE							
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	<u>B</u>	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
Destacaremos as aportacións de algúns dos procedementos do SGIC:							
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ O procedemento establecido para a xestión das prácticas clínicas contribuíu a xestionar con eficiencia os recursos dispoñibles no Sistema Galego de Saúde, garantindo que a formación recibida sexa personalizada, isto é, adaptada ás necesidades persoais do alumnado en canto a unidades e periodos de rotación.</li> <li>✓ A medición da satisfacción dos grupos de interés permitiunos detectar debilidades e promover accións de mellora. Exemplo: en relación coa adecuación progresiva e actualizada dos contidos en función das demandas sociais e profesionais do momento; a modificación do sistema de ensino-aprendizaxe fomentando a utilización do campus virtual, da discusión e representación de casos, derivado da demanda do alumnado.</li> <li>✓ O procedemento de planificación do ensino contribuíu á dispoñibilidade en tempo do PDA, POD, horarios, guías de materias, etc.</li> <li>✓ O procedemento de xestión das incidencias establecido permitiu a resposta ao alumnado en tempo reducido.</li> <li>✓ O procedemento de xestión dos recursos materiais e dos servizos permitiu a dispoñibilidade óptima dos espazos do centro coordinando as necesidades de cada unha das titulacións que se imparten no centro e, incluso, contribuir cos espazos propios ás necesidades de outras titulacións e servizos da Universidade de Santiago de Compostela.</li> <li>✓ O procedemento de información pública é mellorable, de feito a USC nestre intre está a modificar a estrutura e acceso á información. Consideramos que o proxecto que existe: deseño, intuitividade, contidos, etc. melloran considerablemente a información pública. Por outra banda, no que respecta á información propia do centro, estanse a tomar as medidas oportunas para mellorar a información pública dispoñible.</li> </ul>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
Creáronse foros de debate profesorado-alumnado, coordinadora-alumnado, para debater sobre a efectividade dos procedementos establecidos no SIGC do centro e implementar medidas de mellora se fose necesario.							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Modificar a estrutura e acceso á información xeral da USC (por parte dos servizos centrais) e a propia do centro.</li> <li>✓ Completar e actualizar a información dispoñible na páxina web da titulación e do centro.</li> </ul>							

<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>	<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>
<p>Toda a información relativa á titulación estará dispoñible, en diferentes apartados, na páxina web da titulación. Os aspectos de interés para todas as titulaci3ns do centro, estar3 na páxina web do centro.</p>	<p>Mellorar a calidade da informaci3n e o acceso 3 mesma.</p>



CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN							
<i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
<p>Xa que se trata de un máster de nova implantación na USC non dispoñemos de evidencias baseadas en antecedentes nin do proceso de adaptación dos estudantes. A implantación desta titulación non tivo incidencias dignas de mención.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRIPCIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

**4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO.**

<b>INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN</b>	
<b>Recomendacións establecidas no informe final</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>

<b>INFORMES DE SEGUIMIENTO (indicar o ano)</b>	
<b>Recomendacións establecidas no informe de seguimento</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>